

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 28 de agosto de 2020, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2020 (PROCEDEMENTO SIA 1662887)

No artigo 48.3 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécese que os estudos de música se poderán cursar, sen límite de idade, en escolas específicas.

Co fin de potenciar o seu funcionamento, dependente de institucións sen ánimo de lucro, a Deputación establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a estas escolas de música.

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto subvencionar os gastos correntes e de persoal necesarios durante o ano 2020, no desenvolvemento das súas actividades docentes, para o funcionamento das escolas de música dependentes das asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical e estean radicadas na provincia de Pontevedra.

Segunda. Dotación económica

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020. O importe total das axudas será de oitenta mil (80.000,00) euros, que se financiarán con cargo á aplicación 20/330.3260.489.09 do Orzamento provincial para o ano 2020.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as entidades titulares das escolas de música sinaladas na base primeira que contén coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes e que estean radicadas na provincia de Pontevedra.

Cuarta. Prazo, lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) (procedemento SIA 1662887).



O formulario normalizado de iniciación recolle todos os campos de datos necesarios para a tramitación do procedemento (orçamento e declaracións responsables, entre outros) que deberán ser cubertos obrigatoriamente polas persoas interesadas.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude a da realización da emenda. En todo caso, se tal emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes esta deberá limitarse á presentación electrónica do previamente presentado de xeito presencial, sen que poidan engadirse outros datos ou documentos ou rectificar os xa achegados.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e rematará o 30 de setembro de 2020.

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. Tarxeta de identificación fiscal actualizada da entidade titular do centro
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c. Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente do formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Valoración das solicitudes

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva; para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

1. Número de alumnas e alumnos matriculados no curso 2019-2020, ata 25 puntos

Menos de 100	10 puntos
De 101 a 150	15 puntos
De 151 a 200	20 puntos
Máis de 200	25 puntos

2. Número de docentes, ata 15 puntos

Menos de 8	8 puntos
De 9 a 12	10 puntos
De 13 a 15	12 puntos
Máis de 15	15 puntos



3. Orzamento de gastos da escola de música, ata 35 puntos

Menos de 20.000 €	10 puntos
De 20.001 a 30.000 €	15 puntos
De 30.001 a 40.000 €	20 puntos
De 40.001 a 50.000 €	25 puntos
De 50.001 a 75.000 €	30 puntos
Máis de 75.000 €	35 puntos

4. Especialidades impartidas, ata 25 puntos

Menos de 8	10 puntos
De 9 a 12	15 puntos
De 13 a 15	20 puntos
Máis de 15	25 puntos

A Deputación poderá requiririlles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados por estas .

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin. Non obstante, o conxunto de todas elas non poderá en ningún caso superar o 100 % do custo da actividade ou investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.

Décima. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base sexta, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei xeral de subvencións (LXS). Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes emitido polo xefe do Servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Cultura
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto



A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo primeira. Modificación da resolución

De conformidade co establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto dunha resolución da Presidencia logo da proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos

Décimo segunda. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo de presentación das xustificacións remata o 28 de febreiro de 2021.

As subvencións estarán condicionadas polos orzamentos dispoñibles e destinaranse a financiar operacións correntes (gastos de funcionamento e profesorado).



Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica" dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a seguinte documentación:

- a. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.
- b. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran nesta conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- c. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).
- d. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles preferiblemente ás entidades proveedoras antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- e. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.) e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de 900,00 euros.
- f. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.



g. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente coas súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.

h. Acreditación da debida difusión, mediante soportes publicitarios, do financiamento desta actividade por parte da Deputación.

Décimo terceira. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Décimo cuarta. Incumplimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo segunda sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

O logotipo da Deputación de Pontevedra deberá figurar nas comunicacións, nos escritos e na propaganda das escolas de música beneficiarias.

Décimo sexta. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Décimo sétima. Órgano competente para a aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para 2020, e segundo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases e da convocatoria é a Xunta de Goberno.



Décimo oitava. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir contestación; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, segundo o previsto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Vixésimo primeira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2020, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións e na demais lexislación aplicable.

